


# DIARIO DE APRENDIZAXE

## Música e Danza

5º Primaria



## Canto contas cando cantas

# DIARIO DE APRENDIZAXE

## CANTO CONTAS CANDO CANTAS

Diario de aprendizaxe individual de:

.....  
da materia Música e danza do curso 5º Educación

Primaria

Deberás cubrir este diario segundo avances nas distintas fases. Servirache de axuda para autoavaliarte e reflexionar sobre a situación de aprendizaxe.

ÍNDICE		
BLOQUES		Páx.
BLOQUE 1	<b>A GAITEIRA DE LINDÍN: Identificando o reto</b>	3
BLOQUE 2	<b>SERENDIPIA: Imos polo reto!</b>	5
BLOQUE 3	<b>CANTAMOS COA GAITEIRA DE LINDÍN: Avanzamos!</b>	6
BLOQUE 4	<b>CANTO CONTAS CANDO CANTAS: Reto acadado!</b>	8
BLOQUE 5	<b>COMO FOI O CONTO?: Retos finais!</b>	9

**BLOQUE 1**

**A GAITEIRA DE LINDÍN:  
Identificando o reto**

Nesta primeira fase, presentamos o reto da situación de aprendizaxe. Agora, no teu diario debes pensar e escribir sobre “que” e “como” aprendiches neste bloque.

Non tes présa, non o fagas ao chou, faino con sentidiño! Lembra, reflexiona e escribe con sinceridade para coñecer os teus puntos fortes e débiles e así, mellorar a túa aprendizaxe.

**Descubrir**

Como se titula o conto?:

En que conmemoración imos facer a representación do conto sonorizado?:

Cales son os pasos principais que daremos para acadar o reto?:

Que melodía empregamos na canción que interpretamos ao rematar o conto?:

## Lembrar

**Describe** como cres que vai ser a sonorización do conto.

**Lembra** que, unha vez respondida a cuestión anterior, é importante que ti e máis o teu grupo poñades en común este apartado “**Lembrar**”, xa que vos servirá de axuda para avanzar na resolución do reto.

## Diario común

**Anota** agora as conclusións ás que chegastes no grupo logo da posta en común:

## BLOQUE 2

### SERENDIPIA: Imos polo reto!

Agora que xa sabes cal é o reto a acadar e cales son as túas tarefas dentro del, imos aló! Tes que pensar, en primeiro lugar, nos coñecementos que precisas para acadalo. Ben seguro que un dos primeiros vai ser coñecer diferentes elementos da linguaxe musical, como as figuras e os silencios así como as notas musicais. Tamén debes saber o que é un elemento sonoro e construír un propio. As habilidades postas en xogo ao longo desta actividade e compartidas co resto do grupo, permitiranche atopar a axuda precisa para resolver e superar esta primeira dificultade.


#### Investigar

**Describe** que figuras musicais coñeces e todas as notas que recordas.

**Lembra** que, unha vez respondida a cuestión anterior, é importante que ti e o teu equipo poñades en común este apartado: **“Imos polo reto!”**, xa que vos servirá de axuda para resolver entre todos o reto de xeito colaborativo.

## Diario común

**Anota** agora as conclusións ás que chegastes no grupo, logo da posta en común



### BLOQUE 3

### CANTAMOS COA GAITEIRA DE LINDÍN:

#### Avanzamos!

Agora que xa coñeces un pouco máis sobre a linguaxe musical e liches o conto, imos dar outro pasiño máis para avanzar cara o reto! Seguro que precisamos coñecer máis sobre a canción *A gaiteira de Lindín* para poder cantala ben. Para facelo correctamente debes coñecer a voz e os seus coidados. As habilidades postas en xogo ao longo desta actividade e compartíndoas co resto do grupo, permitiránche coñecer as instrucións axeitadas para resolver e superar esta nova dificultade.

## Investigar

Xa coñeces a clasificación das voces e o seu rango vocal. Cal cres que é o teu?

### Diario de aprendizaxe: *Canto contas cando cantas*

- Comenta cal é o teu rango vocal.
- Fai un debuxo de como cres que se atopan as cordas vocais na túa larinxe.

**Lembra** que unha vez respondida a cuestión anterior é importante que ti e o teu equipo poñades en común este apartado: **“Avanzamos!”**, xa que vos servirá de axuda para resolver entre todos o reto de xeito colaborativo.

### Diario común

**Anota** agora as conclusións ás que chegastes no grupo, logo da posta en común.

**BLOQUE 4**

**CANTO CONTAS CANDO CANTAS:**

**Reto acadado!**

Despois de moito traballo, o grupo acadou o reto final. Foron días de compartir coñecementos, superar dificultades e poñer en común ferramentas e habilidades que contribuíron á resolución do reto final. Ademais da satisfacción polo traballo ben feito, o que aprendemos neste reto servirán nun futuro para resolver situacións similares.

**Valorar**

Como valoras a túa actuación sonorizando o conto coas túas compañeiras e compañeiros? Axudaches na súa organización? Como?:

--	--

Cales foron os aspectos que mellor saíron?:

--	--

Que mellorarías?

--	--

Como cres que se debería celebrar o Día das Letras Galegas no colexio?


--	--

### Diario de aprendizaxe: *Canto contas cando cantas*

**Lembra** comentar co resto de grupo as súas respostas neste apartado. Esta posta en común serviravos para ver as diferentes visións que tedes cada un de vós sobre como acadastes o reto final.

#### Diario común

**Anota** agora as conclusións ás que chegastes no grupo logo da posta en común.

A large, empty white rectangular area with a thin red vertical line on the left side, intended for students to write their conclusions.

**BLOQUE 5**

**COMO FOI O CONTO?:  
Retos finais!**

Toca o momento de valorar e de avaliar todo o aprendido nesta situación de aprendizaxe.

#### Diario común

**Anota** agora as conclusións ás que chegastes no grupo, logo da posta en común.

A large, empty white rectangular area with a thin red vertical line on the left side, intended for students to write their conclusions.